


O OUTRO VERME LECTOR



Bos días a todos e a todas!

Agardo que estedes levando o mellor posible isto de estar na casa todo o día. Estades aproveitando para ler moito? Imaxino que si, pero... que vos parece se comezamos un novo verme lector? O outro verme lector.

Propóño-vos traballar a distancia no voso propio verme. Recordade as instrucións:



1. Fago a cabeza do verme. Coa metade dun folio fago un círculo (podedes utilizar o bico dun vaso para que quede ben redondinho) e deixamos que a creatividade flúa.

2. Leo un conto ou un libro.

3. Cántolle o resumo da historia a mamá, papá, tia, irmá (a quen teñamos máis preto).

4. Se me dan o visto bo, volvo facer outro círculo para recortar nun folio e fago o meu debuxo. Recordade por o título do libro e unha palabra representativa da historia. Cando rematemos, pegamos a barriguiña no verme.

5. Repito todo o proceso (menos a cabeza) cando remate un novo libro ou conto.

O martes 14 (á volta de “Semana Santa”) mandade unha foto co voso verme. Da igual se tedes só unha barriguiña ou 4, non vos preocupedes porque poderedes seguir co voso verme o tempo que estemos na casina.

Para aquelas e aqueles que xa lestes todo o que tiñades pola casa, deixo aquí unhas ligazóns con contos que vos poden gustar. Case todos se poden descargar e imprimir se queredes.

Desfrutade dos contos e apertas!

Ligazóns:

- En galego

- https://axendacultural.aelg.gal/2020/04/03/libros-liberados-por-baia-edicions/?fbclid=IwAR1RW2st7SBninEYiP2-KXkHAwM97NX6kRIndc3428ZsLWJ_9maa7nNKS-c

- En español

- <https://weeblebooks.com/es/cuentos-y-libros-infantiles-de-6-a-9-anos/>
- http://www.miguelturra.es/sites/default/files/generico_archivos/cuento_cuentos_ilustrados.pdf
- <https://cuentosparadormir.com/cuentos-cortos>